

Relación de axudas concedidas: renovación do contrato-programa - modalidade B (grupos de investigación do sistema sanitario público galego)

Organismo	CIF	Código da axuda	1º apellido (coordinador/a)	2º apellido (coordinador/a)	Nome (coordinador/a)	Grupo de investigación	Aplicación orzamentaria	Importe da axuda (€)
Fund. Püb. de Medicina Xenómica	G15926488	INCITE08E1R910087ES	Barros	Angueira	Francisco	Medmol	10.02.561A.7430	39.200,00
Fund. Juan Canalejo	G15335219	INCITE08E1R916093ES	Blanco	García	Francisco J.	Invereu	10.020561A.781.0	85.000,00
Fund. Juan Canalejo	G15335219	INCITE08E1R916090ES	Bou	Arévalo	Germán	Microin	10.020561A.781.0	52.020,00
Fund. Juan Canalejo	G15335219	INCITE08E1R916092ES	Domenech	García	Nieves	Tecelint	10.020561A.781.0	36.225,00
Fund. IDICHUS	G15796683	INCITE08E1R918067ES	Domínguez	Muñoz	J. Enrique	GIED	10.020561A.781.0	29.424,00
Fund. Juan Canalejo	G15335219	INCITE08E1R916070ES	Fernández	García	José Luis	GEDA	10.020561A.781.0	47.607,00
Fund. IDICHUS	G15796683	INCITE08E1R918065ES	González	Juanatey	José Ramón	CRA-TRANS	10.020561A.781.0	75.600,00
Fund. IDICHUS	G15796683	INCITE08E1R918066ES	González	Quintela	Arturo	Gisan-Ardis-15	10.020561A.781.0	42.350,00
Fund. Juan Canalejo	G15335219	INCITE08E1R916069ES	López	Armada	Mª José	Enveinf	10.020561A.781.0	20.300,00
Fund. Biomédica CHUV	G36911972	INCITE08E1R905078ES	Navarro	Fdez.-Balbuena	Carmen	NC-CHUVI	10.020561A.781.0	43.750,00
Fund. Juan Canalejo	G15335219	INCITE08E1R916095ES	Pita	Fernández	Salvador	EPID	10.020561A.781.0	18.550,00
Fund. Juan Canalejo	G15335219	INCITE08E1R916091ES	Ramos	Barbón	David	UIRES	10.020561A.781.0	29.400,00

Relación de axudas concedidas: renovación do contrato- programa - modalidade C (centros de innovación e tecnoloxía)

Centro tecnológico	CIF	Código da axuda	Importe axuda (€)	Aplicación orzamentaria
Asociación de Investigación Metalúrgica del Noroeste - Centro Tecnológico Aimen	G-36606291	INCITE08E1R701062ES	964.240,00	10.02.561A.781.0
Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos - Anfaco-Cecopesca Centro Tecnológico Nacional de Conservación de Productos da Pesa	G-36625309	INCITE08E1R702001ES	607.600,00	10.02.561A.781.0
Fundación para la Promoción de la Innovación, Investigación y Desarrollo Tecnológico en la Industria de la Automoción CTAG	G-36871424	INCITE08E1R703083ES	828.160,00	10.02.561A.781.0

ANEXO II

Relación de solicitudes excluídas

Organismo	Nº expediente	1º apellido (coordinador/a)	2º apellido (coordinador/a)	Nome (coordinador/a)	Causa de exclusión
UDC	91	Millán	Calenti	José Carlos	Axuda do Programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais da Consellería de Educación (convocatoria 2006; concesión de prórrogas 2008), incompatible con esta.
Uvigo	75	García	Sánchez	Manuel	Axuda do Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas da Consellería de Educación (convocatoria 2006; concesión de prórrogas 2008), incompatible con esta.
USC	29	Carballeira	Ocaña	Alejo	Solicita axuda de renovación non sendo beneficiario da convocatoria de axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas da Consellería de Innovación e Industria do ano 2007.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 14 de outubro de 2008 pola que se homologa o contrato-tipo para a compravenda de castañas galegas.

Consonte coa proposta elevada pola Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, relativa á solicitude de homologación dun contrato-tipo para a compravenda de castañas galegas, formulada polos representantes de Unións Agrarias, Xóvenes Agricultores e Asociación Proagrosilga.

De conformidade co disposto na Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, e de acordo cos requisitos previstos no Real decreto 686/2000, do 12 de maio, polo que se aproba o seu regulamento e a fin de que os solicitantes poidan dispoñer dun documento acreditativo da contratación de materia prima.

Tendo en conta que o ámbito de aplicación do contrato proposto non supera o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do artigo 149.3º da Constitución, que establece a supletoriedade do dereito estatal,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Homologar o contrato-tipo para a compravenda de castañas galegas, cuxo texto figura no anexo desta disposición.

Artigo 2º

O período de vixencia da homologación deste contrato-tipo será de tres anos a partir da entrada en vigor desta orde, podendo ser prorrogado por acordo das partes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conseilleiro do Medio Rural

ANEXO
Contrato de compravenda de castañas

....., de de 200...

Reunidos:

Dunha parte, como vendedor, don/dona con DNI con endereço en actuando en nome propio ou en representación de como con CIF e con domicilio social en rúa número ... e facultado/a para a sinatura deste contrato.

E doutra parte, como comprador, a empresa con CIF con endereço en localidade de representada por don/dona con DNI facultado/a para a sinatura deste contrato.

Ambas as partes recoñécense coa capacidade necesaria para contratar e declaran expresamente que adoptan o modelo de contrato tipo homologado pola Orde do ... de ... de 200 ... (*Diario Oficial de Galicia* do ... de 200...), concertan este contrato, de acordo coas seguintes estipulacións.

Estipulacións:

Primeira.-Obxecto do contrato.

O vendedor comprométese a entregar a producción de todos os seus castiñeiro e o comprador a aceptar, polo prezo e nas condicións que se establecen neste contrato, kg aproximadamente de castañas ou a producción correspondente a castiñeiro radicados no concello de Galicia.

O vendedor comprométese a entregar a producción dos seus castiñeiro de maneira que se recolla toda a súa producción.

Segunda.-Duración do contrato.

Este contrato estará vixente inicialmente durante tres anos e poderá ser prorrogado ata o ... de ... de 200.... Tendo en conta esta plurianualidade, os prezos incrementaranse en ...% por ano.

Terceira.-Especificacións de calidad.

O producto obxecto deste contrato será recollido a medida que se va producindo a súa caída natural.

Os defectos que se poden dar no froito son: xeados, xerminados, abertos, con mofo e atacados por insectos. Admitense até un 10% en peso de cada un dos defectos, non superando a suma de todos eles o 15% en peso do total da partida.

Se supera o 10% dalgún dos defectos ou o 15% da suma de todos eles, adoptaranse as penalizacións recollidas na estipulación sexta.

Cuarta.-Entrega.

As cantidades mínimas obxecto de contratación serán 30.000 kg para contratos colectivos e 20.000 kg para contratos individuais. As entregas realizaranse en canto comece a caída natural da castaña, cunha periodicidade de ... veces por semana, acabando antes do remate do ano. A entrega realizarase no almacén do comprador ou noutro pactado previamente entre as dúas partes.

O prezo non comprende envases, así se o comprador entrega os sacos ao vendedor, este, na última entrega da campaña, entregará todos os sacos ao comprador.

No caso de que os sacos sexan do vendedor, o comprador devolveralle todos os sacos, como máximo, cinco días despois da última entrega das castañas.

Quinta.-Prezo base.

O prezo base que se pagará por cada quilogramo de castaña, que cumpla as especificacións de calidad indicadas na estipulación terceira, será segundo o calibre e a zona de procedencia nos anos 2008 e 2009 e segundo o calibre e variedade nos anos seguintes, así:

Número de castañas por quilogramo	Prezos base €/kg
50-60	1,4
60-70	1,1
70-80	0,9
80-90	0,75
90-100	0,70
100-120	0,60
120-140	0,5
> 140	0,4

Estes prezos corrixiranse durante un período transitorio de dous anos segundo a zona de producción, así:

	Incremento sobre o prezo (%)
Castañas producidas nos concellos de Riós e Vilardevós	12,5%
Castañas producidas nos concellos de Castro Caldelas, A Pobra de Trives, Manzaneda, San Xoán de Río, Parada de Sil, Teixeira, Viana do Bolo e Vilariño de Conso	10%
Castañas producidas nos concellos de Petín, Vilamartín de Valdeorras, A Rúa, O Barco de Valdeorras, Rubiá, Carballeda, O Bolo, Larouco, Chantada, Taboada, Rodeiro, Carballedo e O Saviñao	5%

A partir do terceiro ano a corrección do prezo será de acordo coa variedade, entendéndose esta se o 90% dos froitos o son da variedade sinalada, así:

Variedade	Incremento (%)
Famosa	20%
Negral	15%
Longal	10%
Garrida	10%
Parede	5%

Sexta.-Prezo que se percibirá.

O prezo que se percibirá constará dos seguintes compoñentes:

1. O prezo base corrixido en función da zona ou da variedade.

2. Unha penalización por exceso do 10% en peso dalgún dos defectos ou o 15% da suma dos defectos. Penalizarase cunha cantidad por kg que represente o dobre do valor do producto defectuoso que exceda os defectos admitidos.

Ao prezo resultante engadiráselle o IVE correspondente.

Sétima.-Condicións de pagamento.

O comprador pagará o importe das entregas segundo a opción por medio das seguintes opcións (transferencia, cheque ou obliga de pagamento):

A) Pagamentos a 30 días da entrega da mercadoría de cada mes.

B) Pagamentos a 120 días da entrega da mercadoría de cada mes, se se exixe presentar un aval previo ás entregas primeiras. En caso de demora por causa xustificada, aboarase o euribor anual porcentual aos días demorados incrementado en 1 punto.

Oitava.-Catalogación de cada partida.

Para efectos de cumprimento deste contrato, efectuarase sobre as mostras recollidas no punto de almacenamento do vendedor. Recolleranse catro mostras, unha para cada unha das partes e as outras dúas remitiranse ao laboratorio de referencia. Estas mostras terán polo menos 2 kg, unha servirá para a catalogación da mostra e a outra para pór á disposición da comisión de seguimiento en caso de discrepancia. Ambas as partes contratantes teñen dereito a presenciar a catalogación das mostras.

Serán postos os medios persoais e materiais precisos para a realización de pesadas, mostraxes e análises para a correcta catalogación das mostras. Os contratantes quedan obrigados a permitir o acceso ás súas instalacións aos servizos que realicen o citado control. Para habilitar este mecanismo poderase contar co apoio da Consellería do Medio Rural.

Novena.-Comisión de seguimento.

Establécese unha comisión de seguimento que gozará de personalidade xurídica, sen ánimo de lucro, que terá carácter representativo e composición paritaria entre as partes. Correspondelalle o seguimento, a vixilancia e o control do contrato.

Aqueles anos en que se dean circunstancias anormais en relación co cultivo da castaña, poderanse establecer novos parámetros tendo presentes estas circunstancias, sempre e cando sexa pactado libremente por ambas as partes.

Décima.-Incumplimento das partes.

Excepto nos casos de forza maior demostrada, derivados de folgas, sinistros, situacíons catastróficas ou adversidades meteorolóxicas producidas por causas alleas á vontade das partes, e que deberán comunicarse dentro das setenta e dúas horas seguintes a producirse, o incumplimento deste contrato dará lugar a unha indemnización pola parte responsable á parte afectada do 25% do valor estipulado das castañas obxecto do incumplimento do contrato.

Se o incumplimento por parte do comprador obligase a tirar as castañas, a indemnización será do 100% do valor do produto destruído.

En calquera caso, as comunicacíons por suposto incumplimento teríanse que presentar dentro dos sete días seguintes a producirse o feito ante a devandita comisión de seguimento.

Décimo primeira.-Arbitraxe.

Calquera diferenza que poida xurdir entre as partes en relación coa interpretación ou execución deste contrato, que non se poida resolver de mutuo acordo, someterana as partes á comisión de seguimento á que se fai referencia na cláusula novena.

No caso de que a comisión de seguimento non adopte unha solución ao conflito, ou no de discrepancia coa solución proposta, deberá someterse á arbitrase regulada na Lei 60/2003, do 23 de decembro, coa especialidade prevista na Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, consistente en que o árbitro ou árbitros serán nomeados pola Consellería do Medio Rural.

Unha vez lido este contrato e estando conformes, e para que conste para os fins procedentes, asínanse os preceptivos exemplares para o efecto e no lugar expresado no encabezamento.

En , ... de de 200....

O vendedor

O comprador

Asdo.:

Asdo.: